

INFORME PARA A REVISIÓN INTERNA DO SEGUIMENTO DE CENTROS E DE TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2019/20 (curso avaliado: 2018/19)

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 10/03/2021

Centro	Facultade de Ciencias	
Titulación/s	Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos Grao en Ciencias Ambientais Grao en Enxeñaría Agraria Máster de Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental Máster en Nutrición	
Alcance do proceso de seguimento interno	IRPD DAS TITULACIÓNS	<input checked="" type="checkbox"/>
	IRPD DO CENTRO	<input checked="" type="checkbox"/>

IRPD: Informe de Revisión pola Dirección. (procedemento DE-03)

1 Valoracións e Recomendacións Xerais

- O número de matriculas de novo ingreso dos graos en ciencia e tecnoloxía dos alimentos, enxeñaría agraria e máster en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental teñen unha tendencia negativa. Deberíase analizar esta incidencia co fin de mellorar estes resultados.
- De xeito xeral, as reflexións realizadas no informe de revisión pola dirección deberían ser máis profundas, baseándose nas evidencias e indicadores correspondentes co fin de atopar posibles incidencias no desenvolvemento da titulación e establecer accións de mellora.
- Deberían analizarse os motivos dos resultados das enquisas de satisfacción máis aló de que a participación sexa baixa.

2 Titulacións

DIMENSIÓN 1: A XESTIÓN DO TÍTULO
<p>CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO</p> <p>Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.</p> <p>Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.</p> <p>Comentarios xerais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non se acadan as metas asociadas as taxas de ocupación, preferencia, e adecuación dos graos en ciencia e tecnoloxía dos alimentos e do grao en enxeñaría agraria e non se reflexiona sobre os motivos nin se establecen accións de mellora ao respecto. • O grao de satisfacción do estudantado coa planificación e o desenvolvemento do ensino (I05-DO) non acada o valor medio agás o mestrado en nutrición e non se reflexiona ao respecto.
<p>CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA</p> <p>Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.</p> <p>Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).</p> <p>Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación: ----</p>
<p>CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE</p> <p>Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implantado que asegura de xeito eficaz a mellora continua da titulación.</p> <p>Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.</p> <p>Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Debería incluírse na reflexión os acordos da comisión de calidade e das titulacións, o desenvolvemento dos procedementos e o plan de mellora, etc.. que reflectan a implantación do sistema de calidade no centro.

DIMENSIÓN 2: RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación:

- Deberían analizarse os resultados das enquisas de avaliación docente.

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación:

- O ítem peor valorado das enquisas de satisfacción do alumnado dos graos e do máster en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental, é a orientación académica recibida no PAT, e non se recolle unha reflexión sobre o motivo desta insatisfacción.

DIMENSIÓN 3: RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel MECES do título.

Comentarios titulación:

- No anexo 9 denominado Panel de indicadores por materias, o grao en enxeñaría agraria e o máster en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria ambiental teñen os resultados académicos por materias dos cursos 16/17 e 17/18 pero non o curso 18-19.

Máster en Nutrición

- O informe de revisión pola dirección é un documento público polo que sería conveniente non incluír datos persoais. Revisar esta cuestión para garantir o cumprimento da LOPD.

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación:

- A satisfacción do alumnado cos graos e o máster de ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental non acada a meta asociada, e non se reflexiona sobre as posibles causas nin se establecen accións de mellora.

Grao en CC e Tecnoloxía de los alimentos

- Aínda que hai unha evolución positiva neste curso académico, non se acadan as metas das taxas de rendemento, abandono, eficiencia, graduación, éxito e a duración media dos estudos e non hai unha acción de mellora asociada para a súa resolución .

Grao en CC Ambientais

- A taxa de graduación é do 31% para unha meta asociada do 50% e non hai unha acción de mellora asociada para resolver esta incidencia, aínda que é un incumprimento puntual.

Grao en Enxeñaría Agraria

- Non se acadan as metas asociadas á duración media dos estudos, rendemento, eficiencia, éxito e especialmente a taxa de graduación e non hai unha acción de mellora asociada.

MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DA TITULACIÓN

Segundo o informe de revisión pola dirección non se produciron modificacións substanciais no curso 18-19

3 Valoracións do plan de accións de mellora

- No seguimento das accións de mellora, deberían indicarse as actuacións que se realizaron e avaliar o resultado da acción. No caso das accións que non se completaron satisfactoriamente sería preciso indicar as novas accións de mellora e engadilas na aplicación da secretaria virtual

4 Suxestións

- A duración media dos estudos en Grao de Ciencias Ambientais (I011-DO) é do 3,82 inferior a 4. Sería conveniente analizar se o dato é correcto.
- Na táboa do anexo 9 os graos en CC e Tecnoloxía dos Alimentos e o grao en Ciencias Ambientais e no Máster en Nutrición hai valores incoherentes (taxas de éxito superiores ao 100%)
- O curso 18/19 realizouse a enquisa de satisfacción do PAS e dos empregadores coas titulacións que se deberían incluír na análise.
- Podería explicarse no informe de revisión pola dirección, a enquisa propia de prácticas e empresas, indicando o cuestionario, a poboación e os resultados.

5 Alegacións presentadas ao informe de seguimento interno provisional:

Comentarios recollidos neste informe provisional de seguimento interno	Descrición das alegacións	Consideracións pola avaliación do seguimento interno
<p>CRITERIO 1 Dentro del apartado Tasas de ocupación, preferencia y adecuación, su análisis resulta muy difícil por varias razones. La variación curso a curso puede ser significativa sin ninguna causa, ni a favor ni en contra, realizadas y sin tener en cuenta la centralización de la captación o la no existencia de una política general sobre los números clausus en las diferentes titulaciones ofertadas por la universidad y que pueden ser complementarias o la apertura de especialidades que tratan de competir con otras titulaciones. El grado de satisfacción viene condicionada a la participación, lo que ha sido comentado en diferentes apartados e informes. Una baja participación condiciona el resultado. La universidad debe de imponer la obligatoriedad de la realización de las encuestas.</p>		<p>Modifícase a redacción do informe provisional <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non Xustificación: É importante analizar os resultados das taxas de ocupación, preferencia e adecuación, co fin de coñecer a demanda das matriculacións, aínda que pode haber desviacións significativas dos valores por causas externas ao centro. Neste caso sería interesante indicalas co fin de contextualizar os resultados e tentar incidir nelas. Suxírese para a súa análise, comparar os resultados das taxas coas metas establecidas nas memorias e os valores dos 2 últimos cursos. No caso que os resultados non foran satisfactorios ou houbera tendencias negativas, debería analizarse os posibles motivos ou causas que poidan explicar os datos e de considerarse necesario establecer accións co fin de mellorar os resultados. No caso das enquisas de satisfacción propónse unha metodoloxía análoga. No caso que non haxa unha participación significativa, sería conveniente analizar os motivos e continuar coas accións de mellora, xa establecidas, que fomenten a participación. Cabe destacar que a participación e os resultados das enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese, teñen cada vez máis relevancia nos procesos de avaliación externa.</p>
<p>CRITERIO 3 En diferentes informes de otros años, la continuidad en la observación nos puede llevar a obviarla, ya se indica que las continuas modificaciones, la repetición de informes y resultados dificultan el desarrollo del sistema de calidad. Los informes deben ser de Centro y no por cada una de las titulaciones, por repetitivo. Las particularidades de cada una o los hechos individuales se reflejarían en el informe general pero tratando todo el conjunto como un TODO.</p>		<p>Modifícase a redacción do informe provisional <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non Xustificación: No informe de revisión pola dirección debe incluírse unha reflexión sobre o desenvolvemento do SGIC do centro incluíndo as particularidades de todas as titulacións. Esta reflexión debería ser sobre o desenvolvemento dos procedementos, dos temas tratados na comisión de calidade e as accións de mellora. Aínda que a reflexión sobre o SGIC sexa global e común para todas as titulacións, debería aparecer de forma explícita a análise que se fai en cada unha delas.</p>
<p>CRITERIO 4. Como bien puede saber el autor del informe de revisión interno, la Facultad no tiene competencia en la elaboración de la RPT ni en su desarrollo, las medidas y acciones que se han tomado y realizado es la adaptación a la nueva organización, que normalmente ya es mucho</p>		<p>Modifícase a redacción do informe provisional <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: O fin do comentario era coñecer as accións que estaba realizando o centro co fin de solucionar as incidencias asociadas á nova RPT. En todo caso procedese a súa eliminación</p>
<p>CRITERIO 5. La baja valoración del PAT puede ser debida a que los alumnos desconocen el acrónimo ya que la apertura del profesorado y en especial de los diferentes equipos decanales que han dirigido la Facultad de Ciencias al</p>		<p>Modifícase a redacción do informe provisional <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: Aínda que a baixa valoración do PAT, pode ser debido ao descoñecemento do acrónimo polo alumnado, deben establecerse accións para que o</p>

<p>diálogo, apoio y orientación a los alumnos ha sido una tradición de este centro muy valorada y reconocida por los alumnos.</p> <p>Con respecto a la mejora de las aulas debemos de señalar lo siguiente. Este es un comentario que se produce en las preguntas abiertas no entendiendo a que se refiere dicha observación y no se proponen ningún tipo de actuación ya que no estamos de acuerdo con la observación realizada.</p> <p>Las aulas cuentan con medios visuales tradicionales e informáticos, se ha electrificado todas las aulas para facilitar a los alumnos el uso de ordenadores, tienen conexión inalámbrica a la red wifi y se revisan anualmente los problemas de uso que puedan tener los medios materiales. No hemos reflexionado ya que no entendemos una observación tan genérica como “mejorar las aulas”. La valoración media del centro en los últimos 3 cursos ha sido: 17-18: 3,50; 18-19: 2,80 y 19-20: 3,39. El menor valor en el curso 18-19 se debe a que en la titulación Ciencia y Tecnología de los Alimentos el valor obtenido fue de 1,33 cuando en el Master de Nutrición alcanzo el valor de 4,50.</p>		<p>alumnado este familiarizado co Plan de acción tutorial, e as actuacións que nel se realizan.</p> <p>No tocante á mellora das aulas. O comentario suxería unha explicación máis detallada das actuacións que se estaban a desenvolver da acción de mellora “Mellora de aulas e execución da planta piloto”.</p> <p>En todo caso, procedemos á eliminación da suxestión e lembramos que o seguimento das accións de mellora, debe realizarse na aplicación SGIC da secretaria virtual</p>
<p>CRITERIO 6. Si están recogidos los resultados académicos</p>		<p>Modifícase a redacción do informe provisional <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:</p> <p>No Anexo 9 Panel de Indicadores por materia, no grao en enxeñaría agraria e no máster en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria ambiental aparecen os resultados das taxas de éxito, rendemento e avaliación dos cursos 16/17 e 17/18, pero non aparecen os resultados do curso 18/19.</p> <p>En todo caso, procedese á modificación do texto para mellorar a súa comprensión</p>
<p>CRITERIO 7. En el caso del Master, han participado dos alumnos (1 hombre y 1 Mujer), valorando la titulación uno con un 0% y el otro con 100%, la media que se obtiene es del 50%. Es difícil hacer una valoración y proponer una mejora con estos datos. En el caso de los grados la participación es de tres alumnos/as por título, fluctuando los valores del 100% al 0%. No alcanzamos hacer un análisis serio con estas premisas. Con respecto a las tasas, ya se comenta en diferentes informes que los valores se ven maquillados por el cambio de plan de estudios, lo que motiva el abandono en los viejos y la matrícula en los nuevos según se van cerrando los cursos.</p>		<p>Modifícase a redacción do informe provisional <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non Xustificación:</p> <p>Os resultados das enquisas de satisfacción así como os resultados das taxas académicas deben analizarse neste informe. As veces, e dependendo da participación ou outros motivos, non se poden extraer conclusións, pero débense establecer accións co fin de obter resultados significativos.</p> <p>Lémbrese que os indicadores académicos e as enquisas de satisfacción son elementos claves nas avaliacións externas. Polo que é conveniente reflexionar sobre eles e indicalo no informe de revisión. Ademais é importante ter en conta que este informe vai ser avaliado externamente pola ACSUG neste curso académico.</p>